

PROGRAMA DO BONO DE ALUGUEIRO SOCIAL INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

Obxecto

1. Convocar as axudas do Programa do bono de alugueiro social, para o ano 2022, código de procedemento VI482A.

Persoas destinatarias

- a) Persoas que precisen dunha axuda para asumir o custo do arrendamento da súa vivenda, con demanda de desafiuzamento presentada por non pagamento das rendas.
- b) Vítimas de violencia de xénero que teñan dificultade para asumir o custo do arrendamento dunha vivenda e que no momento da solicitude estean residindo nun recurso de acollida dos integrados na Rede galega de acollemento.
- c) Persoas con dificultades para asumir o custo do arrendamento dunha vivenda e que fosen privadas da súa vivenda habitual, que posúen en calidade de propietarias ou usufrutuarías, por danos sufridos nesta, derivados dunha circunstancia imprevisible e sobrevida, tales como incendios, inundacións, etc.
- d) Persoas beneficiarias do programa Aluga, que disfrutasen na súa totalidade da subvención do dito programa e lles rematase o período máximo de disfrute desa axuda dentro dos seis meses anteriores á data da presentación da súa solicitude de subvención do Programa de bono alugamento social.
- e) Persoas arrendatarias dunha vivenda de promoción pública de titularidade do IGVS, que finalizasen a vixencia do seu contrato.
- f) Persoas propostas pola comisión de seguimento e coordinación no Programa de vivendas en circunstancias de emerxencia social.
- g) Persoas residentes en vivendas da Sareb que rematasen seu contrato de arrendamento dentro dos seis meses anteriores á data de presentación da súa solicitude de subvención do Programa do bono alugamento social.

Requisitos das persoas beneficiarias

- a) Estar empadroadas e ter residencia efectiva nun concello da Comunidade Autónoma de Galicia durante os doce meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude da axuda.
- b) Ser titular ou estar en condicións de subscribir un contrato de arrendamento nun concello da Comunidade Autónoma de Galicia, cunha duración mínima dun ano,
- c) Que a vivenda obxecto do contrato de arrendamento constituía ou vaia constituír o seu domicilio habitual e permanente.
- d) Que a renda do contrato de arrendamento que se subvencione non supere os 350€ para o Concello de Touro
- e) Que os ingresos da unidade de convivencia da persoa beneficiaria, sexan iguais ou inferiores a 1,5 veces o indicador público de efectos múltiples (IPREM) ponderado.

Número de integrantes da unidade de convivencia	Límite máximo de ingresos
1	790,86 €
2	1.098,42 €
3	1.235,72 €
4	1.412,25 €
5 ou máis	1.647,63 €

Ás unidades familiares en que algún dos seus membros sexa unha persoa con discapacidade, aplicaráselles o límite máximo de ingresos do tramo seguinte ao que lles correspondese. No caso de mulleres xestantes, o/a fillo/a ou fillos/as concibidos e non nados contarán como membros da unidade familiar. Igual tratamento terá a acreditación de adopción en trámite.

f) Que nin a persoa solicitante nin ningún outro membro da unidade de convivencia teña vínculo de matrimonio, relación estable análoga ou vínculo de parentesco por consanguinidade, adopción ou afinidade, ata o segundo grado, coa persoa arrendadora.

g) Que nin a persoa solicitante nin ningún outro membro da súa unidade de convivencia teña no territorio nacional unha vivenda en propiedade ou en usufruto. Exceptúase o caso, de que, dispoñendo dela, non goce do seu uso e desfrute ou se trate dunha vivenda insuficiente ou inadecuada, por razóns de habitabilidade e mobilidade

Renda das vivendas

A renda mensual máxima non pode superar os 350€ para as vivendas situadas no Concello de Touro

Subvención

175 euros mensuais

Prazo de presentación de solicitudes

Ata o día 31 de maio de 2022 ou ata esgotar a partida orzamentaria.

Modo de presentación das solicitudes

Mediante a presentación do anexo desta resolución (VI482A), preferiblemente por vía electrónica (<https://sede.xunta.gal>). Opcionalmente, poderanse presentar presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Máis información: Servizos sociais do Concello de Touro

Teléfonos: 981504000/981504029 Extensión 1

RESOLUCIÓN do 28 de decembro de 2021 pola que se convocan para o ano 2022, con financiamento plurianual, as subvencións do Programa do bono de alugueiro social (código de procedemento VI482A).DOG do 30 de decembro de 2021.